



## Bases do proceso selectivo para a participación nas mobilidades Erasmus+ para cursos de formación do persoal docente, no marco do proxecto KA121 VET

Curso académico	2023-2024	Persoal	PROFESORADO
<b>PROCESO SELECTIVO PARA AS MOBILIDADES ERASMUS+ DE CURSOS DE FORMACIÓN</b>			
<b>Órgano convocante</b>	Comisión de Mobilidades do Programa Erasmus+ do IES Félix Muriel		
<b>BASES PARA A PARTICIPACIÓN no Proxecto KA121 VET do Programa Erasmus+ da Acción clave: <i>Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe (KA1)</i></b>			
<p>O profesorado que desexe participar no proxecto será seleccionado segundo criterios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia tanto nas bases desta convocatoria como no desenvolvemento da selección das persoas candidatas.</p> <p>Para este proceso convócanse <b>2 mobilidades</b> Erasmus+ para a realización de Cursos de formación. A selección de persoas candidatas farase de acordo aos seguintes <b>criterios</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Profesorado con destino definitivo no Centro, como criterio prioritario, aínda que nunca excluínte.</li> <li>• Profesorado con responsabilidades nos órganos de dirección e/ou nos órganos intermedios de coordinación con criterio prioritario pero non excluínte.</li> <li>• Profesorado dos Departamentos didácticos directamente relacionados coa temática da formación que o centro considera prioritaria recibir.</li> <li>• Profesorado acreditado e con experiencia en determinadas competencias transversais, se a temática da formación está directamente relacionada.</li> </ul> <p>A decisión de realizar a formación que se pretende no presente proxecto foi tomada pola dirección do centro, a proposta da organización de mobilidades e en concordancia cos obxectivos do Plan de Desenvolvemento Europeo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• En aplicación do criterio de igualdade de xénero e paridade reservaranse as prazas ao 50% para cada xénero.</li> </ul> <p>O proceso de selección dos/as beneficiarios/as destas mobilidades realizarase coas premisas de publicidade e transparencia na información e igualdade de oportunidades, mérito e capacidade nas probas selectivas que se realicen.</p> <p>Deberán presentar a <b>solicitud</b> de participación no proceso cuberta e asinada, así como os diferentes documentos indicados nas bases da convocatoria. Entregaranse na secretaría do centro e por email a <a href="mailto:ies.felix.muriel@edu.xunta.gal">ies.felix.muriel@edu.xunta.gal</a>, co asunto "Mobilidades Erasmus+", <b>antes das 14:00 do 12 de decembro de 2023.</b></p>			
<b>1.- COMPROMISO CO CENTRO (ata 4 puntos)</b>			
<p>1.1. Antigüidade: 0,2 puntos por ano no centro. Ata 1 punto.</p> <p>1.2. Por pertenza a órganos de dirección: 0,5 por ano nos órganos de dirección. Ata 1 punto.</p> <p>1.3. Por pertenza ao Departamento didáctico directamente relacionado coa formación: 1 punto.</p> <p>1.4. Por acreditación de formación na temática da formación seleccionada: 0,1 puntos por cada 10 horas de formación, ata 1 punto.</p>			
<b>2.- Coñecementos de idiomas (ata 2,5 puntos)</b>			
<p>2.1. Certificados de nivel do idioma vehicular do país de destino (ou inglés na súa falta). Por certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou un equivalente legalmente homologado sumaranse ata un máximo de 1 punto. - B1: 1 puntos. - B2: 1,5 puntos. - C1 ou C2: 2 puntos. Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a conseguir outra de nivel superior.</p> <p>Sen certificado oficial: Realización dunha proba de nivel (escrito + oral), ata un máximo de 1 punto.</p> <p>2.2 Baremo dun segundo idioma: Valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e coa acreditación dun certificado oficial, da mesma forma que para un idioma vehicular do país de destino (ou inglés na súa falta), ata un máximo de 1 punto: B1, 0,5 puntos. B2, C1 ou C2: 1 punto.</p> <p>A puntuación máxima que se pode obter neste apartado é de 3 punto.</p>			
<b>3.- Méritos (ata 1,5 punto)</b>			
<p>MÉRITOS (10 %) Valorarase con 0,5 puntos cada título de cursos realizados relacionados coa temática do curso seleccionado, ata un máximo de 1 punto.</p> <p>INTERESE: Valorarase a selección previa do curso de formación que se presentará coa solicitude ata 1 punto.</p>			
<b>4.- Entrevista persoal (ata 2 punto)</b>			
<p>Habilidades persoais e sociais</p> <p>Nivel de iniciativa das persoas candidatas.</p> <p>Coñecemento do programa Erasmus+ e do proceso de internacionalización do centro.</p> <p>Compromiso cos proxectos no centro.</p>			
<p>Facúltase á organización das mobilidades para que dentro dos parámetros establecidos nas presentes bases de selección fixar criterios de concreción máis detallada para casos improbables de empates ou situacións de igualdade extrema. O ter participado nunha mobilidade asociada a outro proxecto Erasmus+ no último ano podería servir como criterio de desempate, dando preferencia a aquelas persoas que non o fixeran</p>			



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
FÉLIX MURIEL



Cofinanciado por  
la Unión Europea

PRESIDENTE DA COMISIÓN DE MOBILIDADES

P.O.

Asdo: Ramón Manuel Veiga Fernández

Data

En Rianxo, a 20 de novembro de 2023



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
FÉLIX MURIEL



Cofinanciado por  
la Unión Europea